Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: https://sede.betanzos.es
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Resolución de alegacións e aprobación da concesión definitiva das subvencións dirixidas a entidades sociais para o ano 2026 do Concello de Betanzos. Expediente: 2026/A002/000006.

EXPEDIENTE: 2026/G003/002068

Doña María Barral Varela, Alcaldesa do Concello de Betanzos, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Visto que na Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do xoves 9 de xullo de 2026, aprobouse a convocatoria e as bases reguladoras da CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES SOCIAIS PARA O ANO 2026, xunto cos modelos normalizados para a solicitude e a xustificación das subvencións.

Vista a publicación no BOP da Coruña nº 135 do lunes 20 de xullo de 2026 publicáronse as Bases Reguladoras de subvencións dirixidas á entidades sociais para o ano 2026, do Concello de Betanzos así como o extracto da mesa enviada por medio da BDNS (Identif.): 918206.

Vistas as solicitudes presentadas no prazo habilitado dende o 21 de xullo ata o 10 de agosto ambos incluídos.

Visto o Decreto 1801/2026 de data 21/10/2026, polo que se convoca a comisión de valoración, formada como membros por : Natalia Sánchez Fernández. Normalizadora lingüística do Concello de Betanzos, Marta Piñeiro Arca . Técnico de Igualdade do Concello de Betanzos e Diego Ferreiro Cancela. Traballador social do Concello de Betanzos, e como secretario/a sen voz nin voto a Yolanda González Rodríguez, técnica de administración xeral de Intervención.

Vista a acta da Comisión de Valoración de data 22.10.2026 na que propón o reparto de puntos e a contía a conceder a cada beneficiario. Co seguinte reparto de puntos:

Nome da entidade	Puntuación criterios obxectivos	Puntuación criterios subxectivos	Total de puntos
Asociación Mirabal	22,5	43	**65,5**
Asociación Española contra o Cancro Betanzos	14,5	29	**43,5**

Visto o Informe da Intervención de data 23/10/2026, no que se recolle que : *"Cómpre sinalar que as entidades que solicitan subvención municipal e declaran non ter solicitado outras axudas para os mesmos fins para os que solicitan a subvención municipal deberán ter en conta o seguinte. Se no tempo que transcorre dende que se solicitou a subvención ata que se xustifique, calquera delas obtén outra achega para a mesma finalidade, deberá declaralo poñéndoo en coñecemento do concello. E isto por canto que se a suma de todas as achegas recibidas para a mesma finalidade (incluídos os ingresos dos socios) superan o custo do gasto subvencionado polo concello, deberá reintegrar a subvención no importe que supere o custo de tal actividade."*

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: cEDYNDf+z9VwBIYV88W6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: https://sede.betanzos.es
e-mail: correo@betanzos.net

Visto o decreto número 1835/2026 de 23/10/2026 polo que se aproba a concesión provisional, o cal foi debidamente notificado as catro asociacións que presentaron solicitude.

Visto que non se presentan alegacións contra a concesión provisional, tal e como se recolle no informe de secretaría sobre as alegacións presentadas no rexistro do Concello de Betanzos en referencia a concesión da subvención municipal dirixida ás entidades sociais para o ano 2026, de data 10/11/2026 no que se informa o seguinte:

"No decreto número 1835/2026 de data 23/10/2026 aprobouse a concesión provisional das axudas, o cal foi notificado a cada unha das asociacións e abriuse un prazo de 10 días hábiles para a presentación das alegacións, tendo en conta que a asociación que abriu o notificación foi o día 26/10/2026.

Unha vez rematado o mesmo e feitas as comprobacións no rexistro do Concello de Betanzos, a única asociación que remite un escrito foi a Asociación Española Contra o Cancro a cal acepta o importe concedido e non formula alegacións, reclamacións nin recursos fronte ao contido da resolución."

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións (RXS).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e demais axudas públicas
- Bases de execución do orzamento do Concello de Betanzos.
- Base reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sociais para o ano 2026.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Segundo o disposto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva.

A efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na

CVD: cEDYNDf+z9VwBIYV88W6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: https://sede.betanzos.es
e-mail: correo@betanzos.net

convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto, e sen prexuízo das especialidades que puidesen derivarse da capacidade de autoorganización das Administracións públicas, a proposta de concesión formularase ao órgano concedente por un órgano colexiado a través do órgano instrutor.

A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras. Excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras, o órgano competente procederá ao prorrateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Excluír a seguinte solicitude por non cumprir cos requisitos para obter a condición de beneficiario reguladas no punto 3 das bases reguladoras, concretamente o apartado que di "*Estar inscrita no rexistro de asociacións do Concello de Betanzos en data previa ao inicio do prazo de solicitude destas axudas*":

NOME	CIF
FUNDACIÓN HOSPITALARIAS	R2802790B

Tal e como se recolle no informe de secretaría asinado a data 20/10/2026 : *"* No rexistro de asociacións figura CENTRO PAI MENNI, CIF: R1500110J, núm. 31, data rexistro: 01-07-2003, pero non consta a asociación Fundación Hospitalarias con CIF: R2802790B. Polo que non cumpre coas condicións para ser beneficiario da subvención."*

SEGUNDO.- Excluír a seguinte subvención, en virtude do informe de servizos sociais de data 21/10/2026 no que establece: " Así mesmo e de acordo co citado punto 3, a entidade Asociación de Pensionistas e Xubilados Brigantina non leva un mínimo de dous anos realizando a actividade *Encontros sociais mensuais para fomentar a comunidade e fortalecer as redes sociais das persoas maiores* descrita na memoria presentada. "

TERCEIRO.- Conceder definitivamente e dispor o gasto con cargo aplicación orzamentaria 231/489.00 por importe de 2.900,00 euros repartido do xeito e ás entidades que se indican a continuación:

Nome da entidade	Importe solicitado	Porcentaxe de	Importe concedido

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).

CVD: cEDYNDf+z9VwBIYV88W6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: https://sede.betanzos.es
e-mail: correo@betanzos.net

		adxudicación	
Asociación Mirabal G70312954	3.500,00	60,00%	2.100,00 €
Asociación Española contra o Cancro Betanzos G28197564	2.000,00	40,00%	800,00 €

CUARTO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago do anticipo do 80% da subvención concedida ás asociacións que o solicitaron segundo o exposto a continuación:

Asociación	SI	NO	Importe proposto	Anticipo	Resto
ASOCIACIÓN MIRABAL	X		2.100,00 €	1.680,00 €	420,00 €

QUINTO.- Compróbase de que seguen vixentes os certificados ou comprobacións de que están ó orde do día coa AEAT, Atriga, o Concello de Betanzos, e que non está inscrita no sistema de seguridade social

SEXTO.- Segundo o establecido no punto 5.3 das bases reguladoras o prazo para a xustificación das subvencións comenzará ao día seguinte da publicación da resolución de concesión definitiva e rematará o 1 de decembro de 2026.

A xustificación farase segundo o establecido no punto 5.3 das bases reguladoras.

SÉTIMO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa — O secretario (Asinado a efectos do artigo 3.2 do R.D 128/18, do 16 de marzo)

María Barral Varela — Adrián J. Márquez Caramés

CVD: cEDYNDf+z9VwBIYV88W6 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.betanzos.gal/

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.betanzos.gal (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).